

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA
E A FUNDACIÓN INSTITUTO FEIRAL DE VIGO PARA O FINANCIAMENTO DE
GASTOS RELATIVOS Á CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN NO
RECINTO FEIRAL INSTITUTO FEIRAL DA CIDADE DE VIGO – 2022**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Comercio e Consumo, Manuel Heredia Pérez, **DECLARA:**

Que a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación ten previsto formalizar coa Fundación Instituto Feiral de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto determinar o marco de colaboración entre as partes asinantes para o financiamento dos gastos correntes nos que incorra a fundación na realización de accións de promoción comercial, a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, no recinto feiral do que é titular a fundación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, segundo O Decreto 116/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de comercio interior. Dentro destas cabe sinalar, especificamente, a promoción, o fomento, a modernización e o desenvolvemento do comercio e a programación e a xestión de axudas destinadas a estes fins, o impulso do asociacionismo comercial e da asistencia técnica comercial en colaboración con outras institucións e entidades.

Concretamente, o programa 751A, que xestiona a Dirección Xeral de Comercio e Consumo, contempla a renovación do sector do comercio e a promoción de sectores e produtos galegos, apoiando, neste caso, as actuacións desenvolvidas polas fundacións feirais para acadar o nivel de competitividade desexable cara os mercados nacionais e internacionais e que incidan no seu maior desenvolvemento.

Pola súa parte, a Fundación Instituto Feiral de Vigo ten como obxecto a consecución de fins xerais de interese galego no ámbito sectorial ao que a súa denominación e fins se contraen, sendo unha das súas finalidades primordiais a





realización de actividades de promoción e, a tal fin, vén desenvolvendo no recinto feiral que xestiona actuacións que se concretan, fundamentalmente, en feiras, certames e exposicións.

É por isto polo que as actuacións da Fundación Instituto Feiral de Vigo enmárcanse no interese xeral e, de acordo co disposto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência pública xa que as accións de promoción comercial dos produtos e sectores galegos a través de feiras, certames, xornadas divulgativas e outras similares, obxecto deste convenio de colaboración, realizaranse unicamente no recinto feiral do que é titular a antedita fundación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

